



ANEXO I. PLANOS E DESCRIPCION DA NAVE. LOCALIZACION

Finca Rexistral 75.932 Termino Municipal de Pontevedra

CRU 36014001051829

DESCRICIÓN: URBANA.- NAVES ADOSADAS destinadas a Zona Industrial, comercial e de Usos compatibles co Industrial-Comercial, sinaladas cos números **UN e DOU, segundo o proxecto de Obras, situadas no linde OESTE do** predio sinalado co número nove de orde da Rúa das Mámoas, no Parque Empresarial do Campiño, parroquia de Marcón, municipio de Pontevedra. Teñen acceso directo desde a Rúa das Mámoas, a través do terreo que lle está accesorio.

Ocupan no seu conxunto unha superficie de **catrocentos corenta e un metros cadrados**, cunha superficie construída cada unha delas de **douscentos sesenta e nove metros con corenta e sete decímetros cadrados** e unha ocupación en Planta Baixa de douscentos vinte metros con cincuenta decímetros cadrados, dispoñendo de Planta Baixa e Entreplanta Interior, esta última destinada a Oficinas.

Teñen como elemento accesorio de carácter exclusivo, a ZONA DE TERREO que as circunda por todos os seus ventos, cunha superficie total de setecentos vinte e un metros con cincuenta decímetros cadrados.

O conxunto, edificación e terreo accesorio, linda: Norte, Parcelas números A-15 e A-16; Sur, Rúa das Mámoas; Este, Predio número dous desta división; e Oeste, Parcela número A-23. Atribúeselle unha cota de participación, en relación ao valor total do edificio, elementos comúns, dereitos e cargas de **cincuenta enteiros por cento**. É o departamento número **UN** da propiedade horizontal.

Referencia Catastral 4353015NG3945S0001TY

